

BASES
XXI CONCURSO DE POESÍA
“CONCELLO DE CARRAL”

- 1.- O Concello de Carral, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, convoca unha nova edición do Concurso de Poesía Concello de Carral.
 - 2.- Poderán optar ao premio todos os autores/as maiores de idade e de calquera nacionalidade, sempre que o seu traballo se presente escrito en lingua galega. Non poden participar gañadores e gañadoras deste concurso das últimas oito edicións.
 - 3.- Fíxase un premio único de **2.500 euros**. O xurado pode declarar deserto o premio. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.
 - 4.- Os traballos, cunha extensión mínima de 500 versos, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado. Os autores responsabilízanse de lle comunicar á organización, dun xeito inmediato, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.
- Os traballos presentaranse por triplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos presentarase cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor/a, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor/a, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.
- 5.- As obras presentaranse na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da Cultura, Rúa de Paleo, 17, 15175, Carral, A Coruña. Tel. 981 672 580).
 - 6.- O prazo de admisión de orixinais estará aberto ata o **7 de abril de 2018**.
 - 7.- As deliberacións do xurado son secretas, e delas estenderase a acta correspondente. A decisión do xurado farase pública na primeira quincena do mes de maio e o acto de entrega do premio terá lugar o 25 de maio de 2017 no que é obrigatoria a presenza do gañador ou gañadora do premio.
 - 8.- O xurado estará presidido polo alcalde do Concello de Carral ou concelleiro ou concelleira na que delegue, e formarán parte del dúas persoas de recoñecido prestixio no eido da poesía galega e o autor gañador da edición anterior deste concurso; actuará como secretario o técnico municipal de Cultura do Concello de Carral. O xurado será nomeado polo alcalde e darase a coñecer antes de realizar as deliberacións.
 - 9.- O título do traballo gañador e o nome e apelidos do seu autor/a daranse a coñecer mediante unha comunicación persoal (chamada telefónica) ao autor/a premiado/a, na web municipal www.carral.es, así como no taboleiro de anuncios da Casa da Cultura do Concello de Carral (Rúa de Paleo 17, Carral).
 - 10.- Establécese un período de dez (10) días desde a decisión do xurado para presentar alegacións á citada decisión. As reclamacións, que se tramitarán ante o Rexistro municipal de Carral, serán valoradas e contestadas polo xurado.
 - 11.- O Concello de Carral reservarase o dereito de publicar a obra gañadora e os dereitos de autor da primeira edición.
 - 12.- As obras non premiadas poderán ser retiradas polos seus autores ou polas persoas nas que deleguen, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á resolución do xurado. Non se devolverán traballos por correo nin por empresas de mensaxes. As obras que non sexan retiradas no prazo indicado destruíranse.
 - 13.- Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases.
 - 14.- A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.
 - 15.- Toda a información relativa ao concurso publicarase na web municipal www.carral.es.